

FOLLETO MISA CON NENOS

17 de novembro de 2024

Ordinario 33º-B

Evanxeo de ***Marcos 13, 24-32:***

“As miñas palabras non pasarán”.

Mensaxe: O ceo e a terra pasarán, as miñas palabras non pasarán



1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: estamos a nos achegar xa ao final do ano litúrxico antes de empezar o Advento. Hoxe a nosa mirada diríxese ao final da historia e á plenitude de vida que nos promete Xesús con el no seu Reino. El non quere enchernos de medo senón que manteñamos sempre a esperanza. Así que cando as cousas non nos vaian ben confiemos en Deus porque nos seguen dicindo: “O ceo e a terra pasarán, as miñas palabras non pasarán”.

-Hoxe a Igrexa celebra a **VIII Xornada mundial dos pobres** co lema “a oración do pobre sobe ata Deus” (Si. 21, 5). escoitar a oración dos pobres vendo as súas necesidades, tratando de darlles resposta; e apoiemos a tantos voluntarios que se deciden a colaborar con eles.

SAÚDO DO SACERDOTE:

No nome do Pai...

O Deus da vida, que nunca falla e oe o pranto dos pobres, estea convosco.

2. SÚPLICAS DE PERDÓN

Sacerdote: *Polos nosos medos, desesperanzas, pedimos perdón.*

- **Neno/a:** *Ti, que nos regalas a túa Palabra e dásnos un futuro de esperanza. Señor, ten piedade de nós.*

- **Catequista:** *Ti, que pase o que pase sempre estás aí, es o noso refuxio. Cristo, ten piedade de nós.*

- **Pais:** *Ti, que nos chamas a mellorar o mundo, a escoitar e compartir cos pobres. Señor, ten piedade de nós.*

Sacerdote: *Deus que nos coñece e nos perdoa teña misericordia de nós e nos reúna algún día na vida eterna.*

MONICIÓN ÁS LECTURAS

Aos poucos achegámonos ao tempo de Advento que nos levará ao Nadal. As lecturas deste penúltimo domingo do Ano Litúrxico, fálannos do fin dos tempos, da vinda de Cristo e convidánnos á vixilancia. Non nos podemos durmir. O Señor virá, o mundo desaparecerá e viviremos aqueles que, de verdade, creamos e esperemos en Deus, as súas palabras ou pasarán. Escoitémoslle atentamente.



LECTURAS

DANIEL 12, 1-3: *Entón salvarase o teu pobo.*

Por aquel tempo levantarase Miguel, o gran príncipe que se ocupa dos fillos do teu pobo; serán tempos difíciles como non os houbo desde que houbo nacións ata o de agora. Entón salvarase o teu pobo: todos os que se atopan inscritos no libro. Moitos dos que dormen no po da terra espertarán: uns para vida eterna, outros para vergoña e ignominia perpetua. Os sabios brillarán como o fulgor do firmamento, e os que ensinaron a moitos a xustiza, como as estrelas, por toda a eternidade. *Palabra do Señor.*

SALMO 15 R/.

Protéxeme, meu Deus, que me refuxio en ti.

HEBREOS 10, 11-14. 18: *Cunha soa ofrenda perfeccionou definitivamente os que van sendo santificados.*

Todo sacerdote exerce o seu ministerio diariamente ofrecendo moitas veces os mesmos sacrificios, porque de ningún modo poden borrar os pecados. Pero Cristo, despois de ofrecer polos pecados un único sacrificio, está sentado para sempre á dereita de Deus e espera o tempo que falta ata que os seus inimigos sexan postos como estrado dos seus pés. Cunha soa ofrenda perfeccionou definitivamente os que van sendo santificados. Agora ben, onde hai perdón, non hai xa ofrenda polos pecados.

Palabra do Señor.

MARCOS 13, 24-32: Reunirá os seus elixidos dos catro ventos.

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«Naqueles días, despois da gran angustia, o sol escurecerase, a lúa non dará o seu resplandor, as estrelas caerán do ceo, os astros cambalearanse.

Entón verán vir o Fillo do home sobre as nubes con gran poder e gloria; enviará os anxos e reunirá os seus elixidos dos catro ventos, desde o extremo da terra ata o extremo do ceo.

Aprendede desta **parábola da figueira**: cando as ramas se poñen tenras e brotan as xemas, deducides que o verán está preto; pois cando vexades vós que isto sucede, **sabede que el está preto, á porta.**

Asegúrovos que non pasará esta xeración sen que todo suceda.

O ceo e a terra pasarán, pero as miñas palabras non pasarán.

En canto ao día e a hora, ninguén o coñece, nin os anxos do ceo nin o Fillo, só o Pai».

Palabra do Señor.

(Narrador- Xesús)

4. ORACIÓN DOS FIEIS

Sacerdote: Sacerdote: Ao Pai que é fortaleza dos débiles e luz para toda a humanidade, dicímoslle:

Todos: *-A túa Palabra é garantía de esperanza.*

1.- Pola Igrexa para que sexa portadora de paz, de esperanza e confianza en Deus. **Oremos.**

2.- Polos que seguimos a Xesús que chama ao noso corazón, para que lle deixemos entrar e habite na nosa vida. **Oremos.**

3.- Por nós, para que nunca perdamos a esperanza, confiemos sempre en Deus e fiémonos da súa sempre Palabra. **Oremos.**

4.- Pola Igrexa, para que, ao abrazar a oración dos pobres e escoitar o seu clamor, sexa un testemuño vivo do amor de Deus cara aos máis necesitados. **Oremos.**

5.- Por nós, reunidos nesta celebración, para que o encontro con Cristo na eucaristía impúlsenos a vivir unha caridade auténtica, traducida en xestos concretos de amor cara aos pobres. **Oremos.**

6.- Polas vocacións ao ministerio ordenado, á vida consagrada e ao compromiso laical no mundo. **Oremos.**

Sacerdote: *Escoita, Pai, o que che acabamos de pedir, por XNS.*

4. NOSO PAI

Sacerdote: “Aos discípulos que pedían a Xesús que os ensinase a orar, El respondeu coas palabras dos pobres que se dirixen ao único Pai en quen todos se recoñecen como irmáns» (Papa Francisco). Por isto oremos xuntos [cantando]:
Noso Pai...



5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- BOLSAS OU CESTAS DAS OFRENDAS:

Con estas bolsas que simbolizan a Xornada mundial dos Pobres queremos tomar conciencia da pobreza no mundo e o noso compromiso por facer realidade a esperanza dos pobres e o amor a todos os que nos necesitan.

CARA DE XESÚS:

Con este retrato de Cristo, queremos facer profesión da nosa fe: con Xesús sempre venceremos as dificultades da vida, o mal, e mesmo a morte. Xesús é o amigo que nunca falla se lle abro a porta da miña vida.

PAN E VIÑO:

No altar poñemos o pan e o viño para que o Señor se faga presente neles e os converta no seu Corpo e o seu Sangue. Así seremos fortes e estaremos vixiantes á súa chegada.

7.- ORACIÓN DE GRAZAS

*Oración inspirada na Mensaxe de Francisco para a 8ª
Xornada Mundial dos Pobres*

Señor, escoita a oración dos pobres, que chega ata a túa presenza coa forza da fe e a esperanza.

Fainos capaces de vivir con humildade, recoñecendo que todos somos necesitados do teu amor.

Dános un corazón xeneroso, disposto a compartir o sufrimento dos que menos teñen e a ser instrumentos da túa xustiza e misericordia.

Que a nosa oración non quede en palabras, senón que se transforme en accións concretas de caridade, achegándonos aos pobres como irmáns e compartindo con eles o don da túa paz.

Fai que nunca esquezamos que nos rostros dos que sofren, vemos o rostro do teu Fillo Xesús, quen nos convida a amalos co mesmo amor que Ti nos dás.

Por intercesión de María, Nai dos pobres e dos humildes, pedímosche que nos guíes neste camiño de oración, servizo e entrega.
Amén.

**FELIZ DOMINGO
DÍA DO SEÑOR**